

As crises baixomedievais.

Entre os **séculos XI e XIII**, os reinos cristiáns da Península Ibérica experimentaron un constante **crecemento económico, demográfico e territorial**. Esta expansión presentou trazos bastante semellantes aos da que se estaba a producir no resto de Europa. A produción agropecuaria medrou en base, sobre todo, á roturación de novos espazos de cultivo. A superficie adicada ao viñado ampliouse. A gandería ovina transhumante acadou un notable auxe, singularmente en Castela. A produción de manufacturas desenvolveuse. Os intercambios comerciais, tanto interiores como exteriores, cobraron un notable pulo. Así o indican a proliferación de feiras e mercados francos e o aumento da circulación monetaria. A consecuencia máis visible de todos estes cambios foi o renacemento da vida urbana: numerosas cidades e vilas foron ampliadas, outras moitas (*pobras, povoadas, polas, pueblas, vilas reais, vilanovas*) foron de nova fundación.


Dende o **último terzo do século XIII**, comezan a agromar **problemas** que se fan máis evidentes durante a primeira metade do século XIV. Estala daquela unha **crise** que había prolongarse ata ben entrado o século XV. A súa cronoloxía e o seu impacto presentarían notables **contrastes rexionais**.

A crise e a recuperación demográficas.

Estímase que, a finais do século XIII, a poboación dos reinos peninsulares, incluído Portugal, se achegaba aos 7.000.000 habitantes. Naquel intre comezan a detectarse os primeiros **problemas demográficos**. Dous **factores** axudan a explicalos: por unha banda, semella que a roturación de novas terras se detivo ao tempo que os señores e propietarios favorecían as producións destinadas ao mercado (viño, aceite, la) en prexuízo do cultivo dos cereais, esenciais para a subsistencia da maioría da poboación; pola outra, produciuse un empeoramento das condicións climáticas (baixa das temperaturas medias, aumento das precipitacións) ligado ao comezo da chamada *pequena idade de xeo*. As **malas colleitas** reiteráronse cunha frecuencia maior do habitual. Con elas apareceron a **escaseza**, a **carestía** e a **fame**.


A repetición destes episodios contribuíu ao **debilitamento biolóxico da poboación**, circunstancia que agravaría a virulencia das **epidemias**. Na primavera de 1348 rexistráronse os

Difusión da Peste Negra dende a súa aparición no sueste asiático



FONTE: <https://tvarai.files.wordpress.com/2014/12/the-spread-of-the-black-death.png?w=526&h=336>

Expansión da Peste Negra no continente europeo (1347-1351)



Roger Zenner (de-wp), editada por Jaybear [GFDL ou CC-BY-SA-3.0], Wikimedia Commons.

primeiros afectados da **Peste Negra** en Mallorca. Dende alí arribou ao litoral levantino e, partindo da costa, espallouse cara o interior. As cidades, onde a poboación vivía amoreada e padecía unhas deficientes condicións hixiénicas, sufrírona máis que as áreas rurais. A mortalidade entre os sectores populares foi maior, mesmo en termos relativos, que entre as minorías privilexiadas. Pero nin os máis ilustres se libraron dela: en 1350, o rei castelán Afonso XI finaba vítima dela mentres puña sitio a Xibraltar. A este mortífero episodio de 1348-1351, seguiron outros na segunda metade do século XIV e na primeira metade do século XV.

Á fame e á peste sumouse a **guerra**. As disputas dinásticas, as guerras civís, os conflitos fronteirizos entre os diferentes reinos, a implicación de casteláns e aragoneses na Guerra dos Cen Anos e os enfrontamentos armados entre faccións nobiliarias converteron aquela nunha terrible constante. A presenza de mercenarios, a xeralización dos saqueos e o emprego dun armamento cada vez máis mortífero agravaron os seus efectos. Este alto grao de violencia caracterizou tamén os **frecuentes estalidos sociais**: campesiños contra señores, sectores populares das cidades contra patriciado urbano, accións contra musulmáns e xudeus...

Non resulta nada doado cuantificar os efectos da crise demográfica dada a falla de fontes estatísticas. Estímase, non obstante, que **os reinos peninsulares deberon recuperar contra 1500 a poboación que tiñan douscentos anos antes**. As

diferenzas entre uns e outros territorios foron notables. A **Coroa de Castela**, onde os síntomas da crise foran perceptibles a finais do século XIII, a recuperación foi tamén temperá, comezando na década de 1420. En 1480 remontara ata os 4.500.000 habitantes, cifra semellante á de 1300. Tamén **Aragón, Valencia, Mallorca, Portugal e Navarra** deberon recuperar as cifras anteriores á peste. Caso contrario é o de **Cataluña**: o comezo da depresión adiouse a mediados do século XIV pero prolongouse ata a segunda metade do século XV por mor dos efectos dos conflitos sociais e da guerra civil que asolaron as terras do Principado. Perdería entre un terzo e a metade da súa poboación. Barcelona, que era con 50.000 habitantes a máis populosa das cidades hispanas en 1340, tiña en 1477 uns 20.000.

Conseguentemente, **Castela afianzou a súa preponderancia demográfica**. Mentres, producíase unha importante **redistribución da poboación peninsular**: o número de núcleos habitados reduciuse nun 25% e as cidades, agás en Cataluña, incrementaron os seus efectivos. A finais do século XV, **Valencia**, superaba os 50.000 habitantes e convertíase na cidade máis populosa da Península e no porto máis activo do Mediterráneo. Sevilla e Lisboa non andaban moi lonxe.

Crise e reconstrución agrarias.

Por toda a Península, a crise demográfica foi acompañada da aparición de despoboados, do abandono das terras marxinais, de desaxustes entre prezos e salarios, de alteracións monetarias e

Representación da batalla de Montiel (1369), remate da guerra civil castelá entre Pedro I e Henrique de Trastámara (1366-1369), nas Crónicas de Jean Froissart.(s. XV)



[Dominio público], dende Wikimedia Commons.

da caída das rendas señoriais. O despoboamento dos campos deixou en mans dos señores amplos espazos deixados a monte para o seu **aproveitamento gandeiro e cinexético** ou para seren entregados a novos cultivadores con **contratos de arrendamento a curto ou medio prazo**. En Andalucía, Estremadura e A Mancha facilitou a consolidación de **grandes latifundios** traballados de xeito cada vez máis habitual por xornaleiros.

A reconstrución agraria do século XV baseouse na **posta en explotación dalgunhas das terras abandonadas** por mor da crise, para o que foi necesario ofrecer mellores condicións contractuais aos cultivadores, e na **adaptación da produción ás demandas das cidades e dos mercados internacionais**, o que favoreceu avances cara a **especialización produtiva**. Medrou a superficie adicada a certos cultivos: o arroz, a cana de azucre, o liño e, sobre todo, o **viñedo**. A **gandería** experimentou un forte pulo. Compre destacar neste eido, a relevancia adquirida polo **ovino transhumante**, especialmente en Castela. Este veuse favorecido pola diminución da poboación, o abandono de terras de cultivo e a crecente demanda exterior de la meiriña castelá. A **Mesta**, creada en 1273, veu constantemente incrementados os seus privilexios. A Coroa, por unha banda, e os grandes señores (nobres, eclesiásticos, ordes militares) ían aproveitar os enormes beneficios que ofrecía esta actividade.

A crise social.

Para a aristocracia laica e eclesiástica, a consecuencia máis preocupante das crises demográfica e agraria foi a **diminución das súas rendas**. A **reacción señorial**, violenta moitas veces, dirixiuse en varias dirección. Presionou sobre a Coroa para obter dela mercedes e prebendas: vilas, xurisdicións, cargos na administración real e municipal. Participou nas loitas entre bandos nobiliarios, como as que enfrontaron a *oñacinos* e *gamboínos* no País Vasco, coa intención de aumentar rendas e vasallos. Incrementou as esixencias económicas e os abusos sobre os campesiños.

Nas cidades e vilas, a elite dirixente tórnouse cada vez máis pechada. O **patriciado urbano**, un colectivo entre o que non eran raros os elementos e comportamentos aristocráticos, acaprou cargos e controlou as finanzas municipais.


Neste contexto desenvolveuse unha **elevada e complexa conflictividade social**. As accións colectivas contra os poderosos non rebordaron en moitas ocasións os marcos da aldea, vila, cidade ou señorío correspondentes. Plasmouse en preitos e queixas ante os reis e as Cortes, pero tamén en estalidos violentos de alcance e duración diversa.

As vías da transhumancia ovina no territorio español



Diotime [Dominio público], Wikimedia Commons.

Representación das matanzas de xudeus en Barcelona (1391), segundo un gravado de Josep Segrelles de 1910



[Dominio público], dende Wikimedia Commons

Coa aparición da peste, o **sentimento antixudeu popular**, aguillado polas predicacións relixiosas e polo crecente papel dalgúns xudeus como prestamistas e recadadores de rendas, estourou. Os *progroms* sucedéronse, acadando o seu punto álxido en 1391: moitas xuderías (Palma, Barcelona, Sevilla, Córdoba, Toledo) foron asaltadas, as súas vivendas saqueadas e moitos dos seus habitantes asasinados. Para salvarse, algúns hebreos fuxiron da Península, moitos máis convertéronse ao cristianismo.

As **protesta contra o control oligárquico do poder municipal** deu orixe a múltiples conflitos. Barcelona viviu durante a segunda metade do século XV, o longo enfrontamento polo control do goberno municipal entre o patriciado urbano dos *ciutadans honrats* (rendistas, grandes mercadores), agrupado no partido da **Biga**, e os sectores populares (comerciantes, artesáns, menestrais) encadrados na **Busca**.

A reacción antiseñorial do campesiñado e outros grupos sociais impulsou amplos movementos. En Mallorca, a **revolta dos forans** contra os señores de Palma (1450-1452) foi brutalmente liquidada polas tropas reais. En Cataluña, os campesiños estaban sometidos aos *malos usos*, como a *remença*, pago que tiñan que facer aos señores se querían abandonar a terra. A oposición dos **pagesos de remença** aos abusos señoriais fíxose evidente dende o século XIV e derivou a mediados do século XV nunha aberta revolta antiseñorial que acabou por confluír na guerra civil que libraban Juan II de Aragón e a *Generalitat* catalá (1462-1472). Só a *Sentencia Arbitral de Guadalupe* (1486), ditada por Fernando o Católico, que puña fin aos *malos usos*, puido pacificar o campo catalán.

Ao longo do século XV, Galicia viviu numerosos conflitos antiseñoriais. Entre eles adquiriron especial magnitude as **revoltas irmandiñas**. Estas tiveron lugar nunha sociedade na que as cidades e os burgueses tiñan un escaso peso mentres que as Igrexa xogaba un papel moito máis sobranceiro que noutros territorios peninsulares. Dende a vitoria de Henrique de Trastámara fronte a Pedro I na guerra civil castelá (1366-1369), irrompe en Galicia unha nova nobreza trastamarista (os Andrade, Lemos e Moscoso), guerreira e agresiva, que trata de obter pola forza a base territorial e as rendas das que carecía. Esta pretensión había provocar constantes conflitos coas institucións eclesiásticas, que se queixaban constantemente da rapacidade destes nobres. As súas accións provocaron tamén o malestar dos campesiños, que sofren as constantes exaccións e a imposición de dereitos feudais xa esquecidos. Non estraña que en Galicia fose nidia a imaxe tónica do *malfeitor feudal*, dos bandidos que gozan da protección dos señores e dos seus castelos. O instrumento utilizado para organizar a protesta foi a **Irmandade**, unha institución de carácter municipalista xa establecida daquela en moitos puntos de Castela.

En 1431 formouse a **Irmandade fusquenlla** por mor da crueldade coa que Nuno Freire de Andrade, o Mao, trataba aos seus vasallos. A revolta comezou nas terras de Betanzos e Pontedeume e estendeuse polos bispados de Mondoñedo e Lugo e chegou a destruír o castelo dos Andrade en Betanzos. Á fronte dos alzados colocouse un fidalgo coruñés, o mítico Roi Xordo. Finalmente foron derrotados polas tropas dos Andrade, do arcebispo compostelán e do rei de Castela. Maior foi a magnitude e transcendencia da **Grande Guerra Irmandiña** (1467-1469). Os rebeldes organizáronse novamente nunha *Santa Irmandade Xeral* promovida polos concellos urbanos (Coruña, Lugo, Ferrol, Betanzos...). A base social do movemento irmandiño foi dunha extraordinaria heteroxeneidade: campesiños, xentes das cidades, membros do clero, fidalgos. Deste último sector proviñan os principais xefes militares irmandiños: Alonso de Lanzós, Diego de Lemos e Pedro de Osorio. Segundo as fontes da época, máis de 70.000 combatentes, animados por unha mentalidade xusticeira e antiseñorial e contando co apoio declarado do rei Henrique IV,

dirixiron a súa ira contra os *malfeitores* e as súas fortalezas. Arredor de 130 castelos ou torres foron derrubadas polos irmandiños. Pola contra, as institucións eclesiásticas foron respectadas.

Tras dous anos expulsada do país, a nobreza contraatacou. A Pedro Madruga, que retornou cos seus dende Portugal, uníronse o arcebispo compostelán Fonseca e outros nobres que derrotaron aos irmandiños e prenderon ou mataron aos seus dirixentes. As disensións internas no seo dos irmandiños e o apoio dos monarcas castelán e portugués ao bando nobiliar posibilitaron a rápida e inútil vitoria dos señores. Non semella que a represión posterior fose moi dura, quizais pola masiva participación campesiña. Ademais, a nobreza galega implicouse axiña na nova guerra civil castelá (1469-1479), que rematou co triunfo de Isabel I e o seu definitivo desarraigo do país.

Ruínas do castelo da Rocha Forte (Santiago de Compostela), derrubado no decurso da Grande Guerra Irmandiña (1467-1469)



FONTE: Consello da Cultura Galega

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:

- ALFEIRÁN, X. et al.: *Historia de España 2º Bach*, Vigo, Baía Edicións-Consorcio Editorial Galego, 2016.
- ALVÁREZ REY, L. et. al.: *Historia de España. 2ª Bacharelato. Aula 3D*, Barcelona, Vicens-Vives, 2016.
- BARROS, C.: *A mentalidade xusticieira dos irmandiños*, Vigo, Eds. Xerais de Galicia, 1988.
- CARRERAS, A.; MITRE, E.; VALDEÓN, J.: *La Peste Negra, Cuadernos Historia 16*, nº 17, Madrid, Historia 16, 1985.
- FERNÁNDEZ ROS, J.M et. al.: *Historia de España 2º Bachillerato*, Madrid, Santillana Educación, 2016.
- GARCÍA DE CORTÁZAR, J.A.: *La época medieval*, en ARTOLA, M. (dir), *Historia de España*, vol. 2, Madrid, Alianza Editorial, 2004.
- GARCÍA SANZ, A.; MARTÍN, J.L.; VALDEÓN, J.: *La Mesta, Cuadernos Historia 16*, nº 7, Madrid, Historia 16, 1985.
- GIL ANDRÉS, C.: *50 cosas que hay que saber sobre Historia de España*, Barcelona, Editorial Ariel, 2016.
- MARTÍN, J.L.: *Conflictos sociales en la Edad Media*, Cuadernos de Historia 16, nº 158, Madrid, Historia 16, 1985.
- VALDEON BARUQUE, J.: *La España medieval*. Madrid, Ed. Actas, 2003.